



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	---------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	☐ Home ☐ Muller		
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2022440001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C4-A-IV-22



Proba A1

Vostede adoita colaborar no blog *Sociocultura*, onde se tratan temas de actualidade cultural e social. Despois de ver este documental sobre os traballos de restauración no interior da catedral de Santiago, decide escribir unha **entrada**. Nese texto, de **400 palabras**, debe incluír os seguintes puntos:

- Describir o proceso de restauración no interior da catedral.
- Comentar algún dos problemas cos que se atoparon durante as obras.
- Dar a súa opinión sobre a importancia de conservar e restaurar o noso patrimonio histórico.
- Reflexionar acerca das repercusións sociais e económicas que supón esta obra.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Un amigo seu que traballa dende a casa comentoulle que, ao botar moito tempo no seu domicilio e compartir espazo coa parella e os fillos, que están estudando, está pensando en reformar a vivenda para estaren máis cómodos. Despois de ler este artigo sobre a neuroarquitectura, vostede decide enviarlle un **correo electrónico**. Neste texto, de **400 palabras**, debe:

- Interesarse pola súa familia e animalo a reformar a vivenda.
- Darlle a súa opinión sobre a neuroarquitectura e argumentar os motivos polos que pensa que se pode adaptar ás súas necesidades.
- Recomendarlle algunhas melloras concretas, con base na neuroarquitectura, que podería aplicar na reforma da súa vivenda.
- Indicarlle o custo que lle podería supoñer unha reforma deste tipo.

Elementos clave da neuroarquitectura



Hai casas que xeran ansiedade, tristeza, falta de concentración e enfermidades e hai vivendas que producen o efecto contrario. Unhas son refuxios, outras son cárceres. Os edificios inciden na saúde mental e física do ser humano.

A arquitectura pode, e debería, satisfacer as necesidades neurolóxicas dos seus usuarios, non en van a nosa vida transcorre na súa maior parte dentro dos edificios.

Disto trata a neuroarquitectura, que é a aplicación da neurociencia á arquitectura. Unha disciplina nova cuxo inicio se lle atribúe ao virólogo estadounidense Jonas Salk, que lle achacaba unha grande importancia ao papel da arquitectura na mente. Así, esta nova rama da arquitectura, na que se traballa man a man con científicos, busca entender como a contorna modifica as nosas emocións, pensamentos ou condutas.

Malia que en España esta disciplina é unha gran descoñecida e son moi poucos os estudos de arquitectura que a aplican, noutros países é máis común e, de feito, a Universidade de San Diego inclúea entre as súas materias.

A neuroarquitectura non ten que ver coa estética da casa ou co seu deseño, é moito máis. Esta forma de facer arquitectura permítenos afondarmos no estado cognitivo e emocional dos usuarios e determinar as directrices de deseño máis axeitadas neste campo. Nunha vivenda isto implicaría, por exemplo, mellorar o descanso ou render máis no traballo ou no estudo.

Cando unha casa ten a maioría das variables de deseño (xeometría, iluminación, cor...) mal configuradas, quen reside alí non é consciente de inmediato das consecuencias que ten para a súa saúde mental; no entanto, estes efectos leves, pero sostidos no tempo, teñen un elevado impacto ao longo da nosa vida.

Claves da neuroarquitectura

A neuroarquitectura establece aspectos clave á hora de configurar os espazos para lograr que a mente se atope relaxada. A iluminación, as zonas verdes, as cores ou os teitos son algúns dos elementos estudados.

- **A iluminación**

A luz atrae o ser humano, polo que é un elemento clave que vai guiar o individuo na súa experiencia no edificio.

A luz natural axuda á concentración das persoas e xera un ambiente máis amable que a luz artificial. Este tipo de luz obriga o cerebro a esforzarse máis nas tarefas e iso incide negativamente na produtividade.

Ademais, a luz natural conecta os individuos co exterior dos espazos. Xa que logo, hai que facer unha arquitectura sensorial, que conecte o residente coa natureza, de forma real ou simulada, e iso implica deseñar grandes ventás que sexan un escape psicolóxico.

Así mesmo, a luz natural regula o reloxo biolóxico, polo que convén empregar luces cálidas e tenues a partir da tardiña.

- **Zonas verdes**

A sensación de estarmos encerrados xera estrés e diminúe a produtividade. Xunto coa luz natural, o contacto do ser humano coas zonas verdes axuda a abrir a mente, aumenta a concentración e favorece a calma. As vistas ao exterior dos edificios melloran o estado de ánimo dos habitantes ou traballadores.

- **Os teitos**

Segundo os estudos científicos, a altura dos teitos tamén inflúe na concentración e actividades das persoas. Así, os teitos altos fomentan a creatividade, mentres que os baixos favorecen a concentración, polo que son adecuados para un traballo de carácter máis rutineiro.

■ As cores

As cores inflúen e condicionan o estado de ánimo das persoas, polo que é fundamental estudar o efecto das distintas tonalidades no cerebro e así empregalas da forma máis eficiente. Os tons próximos á natureza (verdes, azuis, amarelos) reducen o estrés, aumentan a sensación de confort e inciden sobre a percepción do espazo como un edificio saudable. Pola súa parte, tons coma o vermello captan a atención do receptor, polo que son os máis indicados en tarefas de concentración.

■ Elementos arquitectónicos

Os materiais ou formas empregados nos deseños arquitectónicos tamén teñen incidencia no cerebro do ser humano, de xeito que hai materiais que tranquilizan a través do tacto e da vista, como madeira, pedra, algodón ou pel.

Os espazos rectangulares son entendidos como edificios menos abafantes que os cadrados, que provocan maior sensación de estarmos encerrados. Os ángulos agudos son interpretados como unha agresión, polo que favorecen a aparición de estrés ou ansiedade, fronte ás curvas ou contornos suaves, que dan sensación de seguridade e comodidade.

É importante, ademais, eliminar ou minimizar os sons de baixa e alta frecuencia, como ascensores, tráfico, corredores, aires acondicionados ou saneamento, porque activan os sistemas de defensa inconscientemente.

Así mesmo, son esenciais na neuroarquitectura cuestións como a calidade do aire interior ou a contaminación electromagnética.

Custa máis deseñar e proxectar un edificio baseado nos principios da neuroarquitectura?

Malia que os poucos arquitectos que traballan esta disciplina en España dan conta de que o seu principal cliente é dun perfil socioeconómico alto e que, aínda que se podería aplicar en todo tipo de vivendas, o máis habitual é que sexan casas de gran tamaño, nas que é máis doado manipular o espazo, expertos en neuroarquitectura aseguran que non ten ningún custo extra no orzamento da obra.

Ademais, calquera partida a maiores destinada á creación dun espazo confortable será amortizada, xa que está probado, por exemplo, que o rendemento dos traballadores aumenta de forma exponencial nun ambiente que mellora as súas habilidades cognitivas e capacidade de concentración e diminúe os niveis de estrés e ansiedade.

O investimento é o mesmo, o que varía é a concepción e funcionalidade dos espazos. O problema é que, en ocasións, se atopan supostas aplicacións da neuroarquitectura nas que están presentes cuestións de deseño, que encarecen o proxecto.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

